

O Goberno local logra que a cuberta de Casa Sara non sexa derrubada tras máis de 20 anos de litixios

O Goberno local insta a Deputación a que amplíe a calzada en Muíño do Vento

Páxina 4



Concello de  Oleiros

Oleiros desenvolve un moderno programa de prevención da obesidade na mocidade

Páxina 18

Vivir en Oleiros

Número 38
Abril 2012
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Vista do viveiro municipal de empresas que conta con 18 naves de entre 202 e 403 metros cadrados de superficie



O Concello financia os colectivos locais con 210.685 euros

Páxina 7

As bibliotecas municipais reciben o máximo galardón do Ministerio

Páxina 8

16.856 veciños e veciñas usaron as casas de préstamo durante o ano 2011

Páxina 14

O diñeiro do Plan E, ben investido

■ O Concello de Oleiros puxo en marcha o mes pasado o viveiro municipal de empresas, situado no polígono comercial de Iñás. Este novo equipamento, que permitirá dinamizar a economía do municipio e xerar emprego, foi construído co diñeiro que o Plan E, impulsado polo anterior goberno de Rodríguez Zapatero, proporcionou a Oleiros. Mentres noutros municipios se levaron a cabo obras innecesarias que están a ser demolidas, Oleiros mellorou o municipio con instalacións como este viveiro, a nova sede da escola de danza ou o complexo deportivo de Dorneda.

Páxinas 12 e 13

A literatura, protagonista en primavera

A nosa literatura será o denominador común de varias actividades de ocio organizadas polo Concello para os próximos meses. Ademais dos actos organizados para conmemorar o Día das Letras Galegas, o Goberno local pon en marcha varias actividades de lecer na que a cultura e a literatura galega son protagonistas. O roteiro cultural, que percorrerá os lugares do municipio onde residiron mulleres ilustres ou o programa Ven e descubre, con rutas por toda Galicia inspiradas en literatos, son unha clara mostra.

Páxinas 16, 20 e 21

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Estamos a vivir unha forte crise...

Estamos a vivir unha forte crise que afecta ao conxunto do Estado, pero a pesar de todo, desde o Goberno municipal seguimos avanzando para lograr alcanzar as metas comprometidas cos nosos veciños e veciñas a través do programa electoral para consolidar Oleiros como un concello distinto e singular.

A crise económica que nos veu dada desde as administracións central e autonómica pola nefasta xestión dos cartos públicos, está a minorar, pero non a impedir os nosos obxectivos. A pesar de casos como a sen-

tenza de "Casa Sara", que é unha herdanza envelenada do ano 1977 na que, despois de varias actuacións xudiciais conseguimos que non se derriben as cubertas dos edificios e que se resolva o asunto cunha indemnización que, aínda que gravosa para o Concello, supón un aforro de máis dun millón seiscentos mil euros que custaría a maiores acatar a orde xudicial do derribo das cubertas.

Tamén despois dunha longa batalla política logramos minorar a achega do Concello aos gastos xerados polos dous centros

de día e as tres escolas infantís.

Logo de máis de 10 anos de preitos e demandas para que se nos reintegrasen 600.000 € por parte dos concellos do Consorcio pola creación do servizo de recollida de lixo, conseguimos que a extinta Mancomunidade recoñecese esa débeda dos concellos e se saldase a dita conta pendente con Oleiros.

O gasto que suporía o cambio de 19 postes de Fenosa en distintas rúas de Nós e que a citada empresa quería cargarlle ao Concello, foi resolto favorable-

mente e será Fenosa a que sufrague os máis de 180.000 € que custaran os traballos.

A presenza de Oleiros no Consorcio das Mariñas contribúe a minorar grandes gastos e crea novos servizos como son a recollida de animais domésticos e a depuración de vertidos, levándose a cabo tamén a construción de novas infraestruturas, estradas principalmente. É de resaltar a boa sintonía que existe entre o Consorcio e o Concello da Coruña o que redundará, sen dúbida, en diversas melloras para todos.

Partido Popular de Oleiros / Voceiro do Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros



El PP sigue trabajando para los vecinos de Oleiros

El Partido Popular sigue con su incansable labor al lado de los vecinos de Oleiros. En lo que va de legislatura, hemos sido el grupo que ha presentado más mociones, más ruegos y más preguntas en los plenos del Ayuntamiento, muy por delante del resto de los partidos de la oposición, e incluso que la propia Alternativa dos Veciños. Es el resultado del

trabajo diario de todos y cada uno de los concejales del PP, que dedican todo su tiempo libre a preocuparse de los problemas que tienen los vecinos en sus calles, sus urbanizaciones, sus parroquias. La iluminación de la plaza de Liáns o la avenida de la República Argentina; la reparación de la vía de agua en la urbanización Dos Regos o las deficiencias en la

piscina de Dorneda se han solucionado gracias a las denuncias y los ruegos del Partido Popular al Ayuntamiento de Oleiros.

La parálisis del Gobierno municipal; la dejadez de los concejales de Alternativa; las zancadillas desde la Alcaldía a nuestro trabajo o la vagancia Alternativa, incapaz de convocar siquiera un pleno ordinario cada mes, tal y como establece

la ley, no nos pueden servir de excusa. Los concejales del Partido Popular tenemos una obligación con y para los vecinos de Oleiros, que no es otra que trabajar para garantizar los servicios municipales, la calidad de vida y el desarrollo de nuestro ayuntamiento. Otros prefieren ir de fiesta, allá ellos. Nosotros seguiremos trabajando para los vecinos de Oleiros.

Grupo Municipal Socialista / Voceiro do Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros



El PSDEG-PSOE contra los ataques de la derecha a los derechos

Un ataque a la dignidad. La reforma laboral desprotege cruelmente al trabajador. Tienen razón los sindicatos cuando la califican de injusta en lo social, inútil para el empleo e ineficaz para la economía. La patronal dicta al gobierno de Rajoy cada día nuevos recortes: prestaciones por desempleo, derecho de huelga, despidos por enfermedad...

Un ataque a la igualdad. Las becas van

a estar sujetas a la excelencia académica de los alumnos, por encima de la situación económica de las familias. Así, solo unos pocos (los ricos) podrán permitirse suspender alguna asignatura.

Un ataque a la solidaridad: Nada de impuestos a las grandes fortunas. Más impuestos sobre los salarios, a las clases bajas y medias. Más impuestos a la vivienda. Subida del IBI.

Un ataque al bienestar: Los recortes en sanidad y dependencia precarizan la atención a los más débiles y llenan la cartera a muchos de los suyos, los gestores de la privatización.

Un ataque a la libertad: La legislación sobre el matrimonio entre personas del mismo sexo, la ley del aborto, la expedición de la píldora del día después, manifestaciones disueltas con métodos

que recuerdan el pasado, los estudiantes declarados enemigo y los trabajadores vagos.

Son muchos argumentos para mantener el pulso político. Si estas políticas que denunciamos te indignan, puedes colaborar con el PSOE. Contacta a través de nuestra página WEB (www.oleiros.net).



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

Mobilidade con seguridade para vivir en Oleiros

En Oleiros e en toda a área metropolitana, a mobilidade continúa nun estado crítico, arrastrando un cúmulo de problemas que pagamos día a día os veciños e veciñas. É ben sabido que todas as áreas urbanas que ofrecen unha boa calidade de vida teñen un dos seus piares básicos no transporte público, que cuidan e melloran constantemente.

Porén, aquí, ante a pasividade dos nosos gobernantes, son os cidadáns os que teñen que buscar pola súa conta como saíren do paso, recurrido ao coche particular, caro, lento e contaminante. A evidencia é que a solución ten que ser global e coordinada en toda a área metropolitana, encabezandoa o concello da Coruña, en vez de paralizar (cos gobernos do PSOE) e desmantelar (co go-

verno do PP) calquera posibilidade de avance. E a situación empeora polos problemas de seguridade vial que están a se manifestar. En Oleiros temos as estradas con máis tráfico de Galicia, e desprazarse a pé é xa un perigo. Hai que sinalizar e iluminar os pasos de peóns para que non sexan unha trampa, ás veces mortal. A que agarda o goberno municipal? Hai que traballar en serio para sacar

o tráfico dos núcleos urbanos. Para cando a circunvalación de Sta. Cruz? Ampliar a ponte da Pasaxe pode estar ben se se vincula a liñas de transporte público. O mesmo podemos dicir da Vía Ártabra que o PP paralizou. Dentro do concello hai problemas importantes que non se están a afrontar e despacharse con lindezas e arroutadas nos medios de comunicación é só fume.

EDITORIAL

● O modelo social, en risco polo neoliberalismo atroz

◆ As políticas neoliberais están abocando a diversos países do mal chamado primeiro mundo á descomposición do seu modelo social e á ruína económica. A corrupción invade todos os estamentos; a honestidade e a ética que se supoñía que debían rexer a política e a vida nas administracións públicas brilla pola súa ausencia.

Centos de *embaucadores* e políticos descastados campan ás súas anchas nas parcelas de poder malversando e dilapidando os recursos económicos que tanta falta fan para saír da crise que eles mesmos provocaron.

O noso país necesita unha cura urxente para que o sistema que rexe a nosa democracia e que tanto traballo conseguiu acadar non siga desangrándose. As medidas que hai que levar a cabo non poden agardar. Débense cortar de raíz os axentes contaminantes e limpar ben as feridas de todas as impurezas para que o paciente poida sobrevivir.

As solucións pasan por practicar varios recortes pero non naqueles temas necesarios para manter unha boa saúde democrática: a sanidade, a cultura, os servizos sociais, son conquistas intocables. Non pasan tampouco por recortar os logros dos traballadores, nin por devolvernos a época da escravitude, a submisión e o servilismo.

Neste país, a economía pode recuperarse eliminando as *sanguijuelas* que desangran as arcas do estado e das autonomías, deputacións, miles de axencias, consellos e todo tipo de *variopintos chiringuitos* que se montaron para evitar o control directo do gasto de millóns de euros e para colocar a personaxes de distintos pelaxes, fracasados sen oficio pero ¡¡sí con beneficio!! que colaboran para manterlles aos prebostes políticos os hortos electorais.

As solucións pasan, por exemplo, pola eliminación do Senado e das súas 259 “señorías”. Para que serve o Senado? Nin legisla, nin os seus acordos son válidos xa que os invalidan os parlamentarios no congreso.

Sabía vostede que cada unha desas 259 señorías cobra anualmente 64.908 € e ademais goza dunha dieta de 304 € por día de asistencia a reunións, que teñen as viaxes e os gastos relacionados coa súa actividade pagados e que por se fose pouco no mesmo edificio do Senado gozan de piscina climatizada, sauna e spa para que poidan relaxarse do seu “estresado” traballo. Ao gasto do Senado temos que

engadirle o de decenas de auxiliares, asesores, cargos de confianza. Sabía ademais que tras 7 anos no cargo teñen dereito á xubilación máis alta cando calquera español precisa de 40 anos de cotización?

Sabía vostede que na comunidade autónoma, a pesar de ter delegadas as competencias, o goberno do Estado segue a manter delegacións dos distintos ministerios nas catro provincias galegas co conseguente gasto de edificios e de decenas de funcionarios sen funcións?

Sabía que en cada consellería hai colocados como persoal de confianza, mentres dure o mandato do goberno, centos de persoas do aparato do partido do PP, entre eles presidentes e secretarios locais e cuxo gasto anual supón un total de 6.718.146 € que pagamos todos?

Sabía que cada eurodiputado percibe ao mes entre soldo e dietas preto de 18.000 € ademais de ter todas as viaxes pagadas?

Sabía vostede que as deputacións, organismos obsoletos cuxa única función é repartir ad libitum os cartos que pertencen aos concellos, gastan en persoal de confianza, é dicir dos partidos 2,9 millóns de euros?

Estaba ao tanto de que na “nosa caixa” de Galicia agora Novagalicia Banco os membros do consello executivo (un total de 22, algúns deles políticos) cobran máis de 220.000 € ao ano. Menos mal que é nosa, que se chega a ser deles...

Sabía que o defensor do pobo en Madrid percibe ao ano 115.000 € e que ademais ten outras 15 sucursais con valedores, vicevaledores, adxuntos... nas autonomías? cun alto custo de persoal e infraestruturas?

Estaba ao corrente de que todos estes personaxes e moitos outros dispoñen de miles de teléfonos móbiles, de estradas libres de peaxes, e doutras moitas prebendas que pagamos todos os contribuíntes?

Estas son só unha pequena mostra dos miles de casos que hai espallados por toda a xeografía do estado. Temos que denunciálos e alzar a nosa voz contra tanto desfalco desta clase indecente de políticos que nos está conducindo ao abismo. Debemos atacar ao mal na súa orixe que non é outra que eles mesmos, porque eles mesmos son os que orixinaron esta situación da que hoxe todos somos vítimas, pero non culpables.

O teu can é a túa responsabilidade ▼



◆ Somos máis de 11.000 veciños os que temos cans en Oleiros e só uns poucos os que nos deixan quedar mal por non cumprir as ordenanzas municipais respecto aos animais de compañía, que se centran en aspectos como levar o can da correa e recoller os excrementos do noso animal. Colabora por un concello máis limpo e por unha mellor convivencia social.

O Concello demanda á Deputación que amplíe a calzada en Muíño do Vento



◆ O Concello de Oleiros demandará novamente á Deputación provincial a realización das obras de ampliación da calzada e da beiravía na rúa Casares Quiroga, vía que comunica Coruxo co núcleo de Montrove, concretamente no tramo que desde Muíño do Vento accede á igrexa parroquial de Liáns. Neste punto, na confluencia co pazo de Lóngora a calzada é sumamente estreita, o que supón unha alto risco para a seguridade viaria dos centos de veciños e veciñas que diariamente

transitan por este punto. Esta vía ten unha altísima densidade de tránsito, tanto de vehículos como de peóns, xa que é a principal comunicación entre Santa Cruz e Montrove, os dous principais núcleos de poboación da parroquia de Liáns. Ademais, nesta zona encóntranse os dous cemiterios, o municipal e o parroquial, o que aumenta aínda máis o tránsito. Esta necesaria mellora foi reclamada hai máis de dous anos sen que a Deputación provincial realizase os traballos.

O Goberno local asina un convenio con fomento para mellorar a rede de saneamento no contorno da N-VI



◆ Durante a execución das obras de ampliación da N-VI, que nalgúns tramos pasará a ter seis carrís, o Concello chegou a un acordo co Ministerio de Fomento para mellorar a conexión coa rede de saneamento xeral do municipio naqueles núcleos que lindan con esta estrada. Estas melloras realizaranse a través dun convenio que permitirá renovar por

completo as redes, tanto a de recollida de augas pluviais como a de saneamento e abastecemento, nalgúns tramos que se conectarán directamente cos colectores xerais que discorren a carón do río de Nós. As obras suporán un investimento total de 321.198 euros e serán financiadas totalmente polo Ministerio.

Oleiros avanza na accesibilidade

Oleiros traballa na eliminación de barreiras arquitectónicas



■ Elevador na Casa Charry

A circunvalación de Oleiros, lista ▼



◆ A vía de circunvalación, que elimina o tráfico polo centro da localidade de Santa María de Oleiros e que conecta o colexio A Rabadeira coa vía Ártabra no lugar da Edreira, está xa lista para entrar en servizo, posto que os seus traballos de construción xa están rematados. Este acceso servirá de conexión entre as tres vías principais que conflúen no centro de Oleiros, como son a estrada que une Perillo e Sada, e as que conectan o núcleo do Carballo con Iñas e Oleiros.

A circunvalación conta con tres rotondas de regulación de tráfico que ademais de axilizar o tránsito de vehículos liberan o centro da localidade

do tráfico. Esta obra ademais permitirá o acceso e a saída cara ás Torres na confluencia de Soñeiro e A Edreira. Na conexión neste último punto coa vía Ártabra acurtará os desprazamentos coa conexión directa coa N-VI e a zona norte do municipio: Dorneda, Serantes, Mera e Dexo.

A previsión da entrada en funcionamento do conxunto da vía Ártabra ao seu paso por Oleiros está previsto para finais de ano. Xa no pasado mes de febreiro abriuse ao tráfico por parte da Xunta o primeiro tramo da Ártabra, entre as localidades dos Galgos e Veigue.

O Concello implanta o Plan municipal de seguridade viaria ►

◆ O Concello de Oleiros está a contratar un novo Plan de seguridade viaria e templado do tráfico que afectará a diversas zonas do municipio, principalmente as mais poboadas ou aquelas vías municipais de elevado tránsito de vehículos. Con este importante plan contrataranse obras para a construción de novos pasos de peóns iluminados, e a instalación dunha nova sinalización horizontal e vertical. Así mesmo, colocaranse diversas bandas reductoras da velocidade para influír na mellora da seguridade viaria dos peóns. O plan conta cun investimento total de 100.000 euros.



O Concello dotará de iluminación pública a zona do Río do Seixo, na rúa Viñas de Babilonia ▼

◆ O Goberno local dotará de iluminación pública a zona do Río do Seixo, na rúa Viñas de Babilonia. Esta zona quedara sen iluminación desde que a Xunta fixera unhas obras de mellora da estrada que vai a Mera e deixara sen repoñer a iluminación pública.

O Goberno local reutilizará farois retirados da obra de ampliación da N-VI que realiza o Ministerio de Fomento para mellorar de inmediato a iluminación nesta zona tan transitada entre Dorneda e Santa Cruz.

O parque infantil do Valiño xa funciona a pleno rendemento ▼



◆ O parque infantil do Valiño entrou en funcionamento e as familias da zona xa poden gozar dos seus servizos. Este equipamento infantil sitúase nuns terreos que no seu día foron cedidos ao Concello de Oleiros para espazos públicos. Os traballos contaron cun investimento

total de 48.760 euros. Deste xeito, o Concello dota varios núcleos densamente poboados da parroquia de Nós, como son O Valiño e o núcleo do Carballo, cun parque que cobre as necesidades das numerosas familias de xente nova e con fillos que alí residen.

A ampliación do camiño das Pedreiras, en marcha



◆ O Goberno local está a ampliar a vía pública na zona coñecida como o camiño das Pedreiras, no casco urbano de Xoez, na localidade de Mera. A obra estase a realizar grazas á boa disposición das persoas propietarias dos inmobles lindeiros, que cederon ao Concello parte dos seus terreos para acometer os traballos. O camiño contaba con varias zonas nas que o ancho non alcanza os tres metros polo que estes traballos de ampliación permitirán axilizar a circulación de vehículos e mellorar a seguridade viaria dos peóns.

Os equipos biosaudables da praza Ana Kiro están a ser moi demandados

◆ O Concello de Oleiros instalou un conxunto de equipos biosaudables na praza Ana Kiro, en Mera. Este equipamento permite que as persoas maiores da zona poidan realizar exercicios físicos que contribúan a mellorar a súa saúde e a previr posibles doenzas cardíacas, musculares e articulares. A situación deste novo parque para persoas maiores fai que o seu uso sexa moi elevado desde que entrou en funcionamento a principios de ano.



Oleiros subvenciona os colectivos locais con 210.685 euros

■ O Concello de Oleiros subvenciona os distintos colectivos culturais, sociais, educativos e deportivos do municipio cun total de 210.685 euros. O obxectivo destas achegas económicas é financiar parte das actividades desenvolvidas ao longo do ano 2011 por estes colectivos. O importe económico que recibe cada entidade vén dado pola relevancia das actividades, polo número de persoas que participan nelas, pola potenciación do deporte de base, pola posta en valor de manifestacións da cultura popular galega, polo fomento dun uso activo e creativo do ocio e, moi especialmente, polas actividades dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

AGRUPACIÓNS SOCIAIS E CULTURAIS:		CONCEDIDO
ENTIDADE	CONCEPTO	IMPORTE
● A.V.V. A RÍA	Romería da Cabeza, Festa do Antroido, actividades de ocio e viaxes culturais	1.436,10
● A.V.V. O HÓRREO	Viaxes culturais	1.439,41
● A.V.V. OS RUEIROS	Gaita, baile galego e moderno, pandeireta, cantareiras, percusión, festa das Letras Galegas, festa dos Reis, entroido, mostra folclórica, San Xoán, danza do ventre, pintura, viaxes e intercambios culturais	3.966,96
● A.V.V. SAN ANTÓN	Viaxes culturais, festas do Samaín e Magosto, alboradas San Antón e festa das Flores, entroido, festa dos Reis, San Xoán e exposicións fotográficas	2.157,46
● A.V.V. SANTAIA	Festa dos Reis, festa do entroido, romaría do San Xoán, semana cultural (Día da Bici, Ofnis, Figuras na area, pintura, Día do Barro, Asalto ao Castelo, Festa do Doce, carreira popular e andaina), escola e grupos de música, baile, cantareiras e pandeireta tradicional, intercambios culturais con Asturias, gaiteros, festa patronal do Santísimo e festa da primavera	4.238,58
● A.V.V. RIALTA-XOECER	Concentración sendeirista e cicloturista e excursións sendeiristas	429,83
● A.V.V. SAN COSME	Festas do San Cosme, obradoiro de verán, obradoiro de teatro, danzas orientais e ximnasia	2.097,16
● AGRUPACIÓN ARTÍSTICA E CULTURAL SEMENTE NOVA	Rondalla, baile galego, iniciación á música e encontros musicais	1.545,07
● AGRUPACIÓN CULTURAL "A MAROLA"	Viaxes e intercambios culturais	1.466,52
● AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA FOLLIÑAS	Escola de música e danza tradicional, viaxes culturais e festas tradicionais	1.473,71
● ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL LEMBRANZAS STA. CRUZ	Participación e realización de concertos	910,01
● ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA	Manualidades, pintura en tea e óleo, estaño, cocifia e viaxes culturais	548,22
● ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS A CABANA	Manualidades e viaxes culturais	567,58
● ASPADISOL	Obradoiros de xardinería, cocifia, cestería, labores, abelorios, coiro, tapices, debuxo e pintura, lectoescritura, manualidades	2.581,76
● CENTRO CULTURAL E INSTRUTIVO	Viaxes culturais e actividades música galega e ximnasia mantemento	972,52
● CORAL POLIFÓNICA DE MERA	Organización concertos	1.026,73
● CORO DE OLEIROS	Clases de canto e director, organización concertos e intercambios culturais	1.077,62
● S.C.R. AMIGOS DE LORBÉ	Artes plásticas, gaiteros, alboradas, festas patronais, viaxes culturais, coral e rondalla	2.364,91
● S.C.R.D. DE DORNEDA	Festa San Martiño, escola de baile, gaitas, percusión e coro, festas do Nadal, entroido, San Xoán, manualidades e pintura, encontro habaneras e romaría folclórica	4.248,54
● OS DECANOS HOGAR MUNICIPAL 3ª EDAD	Viaxes culturais	468,56
● A.C. CLUB PENSIONISTA DE MERA	Viaxes culturais	247,28
● CORAL AIRIÑOS DE NÓS	Organización concertos, intercambios e viaxes culturais	491,79
● A.C.D.R.V. O CARMEN DE MERA	Gaiteros festas do Carmen de Mera	521,74
● ASOCIACIÓN CULTURAL COFRADÍA DE STA. ANA/MERA	Gaiteros festas de Santa Ana de Mera	521,74
● A.C.D.R.V.P. ROSARIO DE DORNEDA	Gaiteros festas do Rosario de Dorneda	608,70
● COMISIÓN DE FESTAS O CARBALLO	Gaiteros festas patronais do Carballo	173,91
● CLUB ATLÉTICO SAN PEDRO	Gaiteros festas do San Marcos	173,91
		TOTAL: 37.756,32
ENTIDADES DEPORTIVAS:		CONCEDIDO
● AC CLUBES DE FÚTBOL DE OLEIROS	Torneos de xuvenís, cadetes, benxamíns, alevíns, prebenxamíns e campus de verán	1.942,82
● CLUB ATLÉTICO SAN PEDRO	Fútbol categorías afeccionados, xuvenís, cadetes, infantís, alevíns, benxamíns e prebenxamíns (2)	5.085,00
● CLUB DE FÚTBOL SANTA CRUZ	Fútbol categorías afeccionados, benxamín e prebenxamín	2.430,00
● CLUB DEPORTIVO OBRERO DE OLEIROS	Fútbol categorías afeccionados, xuvenís, cadetes, infantís e alevíns	3.420,00
● HÉRCULES S.D.C.	Fútbol categoría afeccionados e xuvenís	2.115,00
● MARINO DE MERA C.F.	Fútbol categorías afeccionados 2ª autonómica, xuvenís, cadetes, infantís, alevíns (2), benxamíns e prebenxamíns (2)	5.580,00
● UNIÓN CAMPESTRE F.C.	Fútbol categorías afeccionados, xuvenís, cadetes, infantís, alevíns, benxamíns e prebenxamíns	4.410,00
● S.C.R.D. DE DORNEDA	Fútbol categorías 3ª división nacional, afeccionados, xuvenís, cadetes, infantís, alevíns (2), benxamíns e prebenxamíns (2)	13.230,00
● CLUB ATLÉTICO PERILLO	Fútbol categorías afeccionados 3ª autonómica, xuvenís, cadetes, infantís e alevíns	3.420,00
● A.D. CRISTO REY	Fútbol categorías cadetes, infantís, alevíns, benxamíns (2) e prebenxamíns	2.970,00
● SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA RABADEIRA	Patinaxe de velocidade	1.744,78
● CLUB BREGÁN - OLEIROS	Tenis de mesa. Competicións e escola	1.030,60
● CLUB DE TENIS MAIANCA	Tenis. Participación en competicións e torneos sociais	263,32
● CLUB MERA, F.S.	Fútbol sala. Participación en campionatos e organización campus	1.985,42
● CLUB PATINAXE OLEIROS	Patinaxe artístico. Participación en campionatos, aprendizaxe e perfeccionamento	1.846,57
● ESCUELA DETENISCANABAL.COM	Tenis. Participación en competicións, torneos sociais	458,60
● CLUB CABI	Ximnasia artística. Escola e campus de verán	1.418,95
● CLUB DE REGATAS DE PERILLO	Remo. Participación en campionatos e escola	5.778,68
● CLUB BALONMÁN OLEIROS	Balonmán. Escola e participación en campionatos	1.085,92
● CENTRO DEPORTIVO MARIÑEIRO	Remo. Participación en campionatos	655,54
● ESCOLA XIMNASIA ACORDES	Ximnasia rítmica. Participación en campionatos e escola	1.372,48
		TOTAL: 62.243,68
COLEXIOS E ANPA:		CONCEDIDO
● ANPA BIDUEIRO: Festas de datas conmemorativas		400,00
● ANPA COLEXIO PÚBLICO DE MERA (Luis Seoane): Monitorado, coordinación e materiais de actividades extraescolares: fútbol sala, multideporte, baile, guitarra, teatro, modelado en barro, debuxo, artes plásticas, conversación inglés, estudio, patinaxe, informática, o corpo en movemento, multitaller, expresión plástica, taller de contos e festas conmemorativas		21.000,00
● ANPA COLEXIO PÚBLICO VALLE INCLÁN: Monitorado, coordinación e materiais de actividades extraescolares: iniciación patinaxe, predeporte, iniciación danza, fútbol sala iniciación, multiaventuras, iniciación deportes de loita, axedrez I, teatro I, psicomotricidade, premanualidades, plástica e debuxo I, informática-internet I, baloncesto, patinaxe artística, plástica e debuxo II, xadrez II, informática-internet II, voleibol, teatro II, judo, fútbol sala e festas de datas conmemorativas		32.000,00
● ANPA OS PAZOS DO IES MARÍA CASARES: Monitorado e materiais actividade extraescolar de teatro		2.200,00
● CEIP ISIDRO PARGA PONDAL: Materiais didácticos de educación infantil de 6 unidades e actividades didácticas e culturais para 436 alumnos/as		6.868,00
● CEIP A RABADEIRA: Materiais didácticos de educación infantil de 8 unidades e actividades didácticas e culturais para 605 alumnos/as		9.465,00
● CEIP VALLE INCLÁN: Materiais didácticos de educación infantil de 9 unidades e actividades didácticas e culturais para 555 alumnos/as		9.015,00
● CEIP LUÍS SEOANE: Materiais didácticos de educación infantil de 6 unidades e actividades didácticas e culturais para 406 alumnos/as		6.478,00
● IES MARÍA CASARES: Actividades didácticas e culturais para 536 alumnos e alumnas e viaxe da fin de etapa da ESO para 46 alumnos e alumnas		9.728,00
● IES MIRAFLORES: Actividades didácticas e culturais para 478 alumnos/as e viaxe da fin de etapa da ESO para 50 alumnos/as		9.214,00
● IES XOSÉ NEIRA VILAS: Actividades didácticas e culturais para 216 alumnos/as e viaxe da fin de etapa da ESO para 19 alumnos/as		3.948,00
● ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL O VILAR: Materiais didácticos de educación infantil de 1 unidade e actividades didácticas e culturais para 13 alumnos/as		369,00
		TOTAL: 110.685,00

O Ministerio de Cultura outorga o primeiro premio á Rede Municipal de Bibliotecas ▼



◆ As bibliotecas municipais de Oleiros resultaron gañadoras do Premio María Moliner 2011, na modalidade de municipio de 20.001 a 50.000 habitantes. Este premio, convocado polo Ministerio de Cultura e a FEMP a nivel de todo o Estado español, é o galardón máis importante que existe na actualidade en España dirixido a bibliotecas e supón un importante recoñecemento e valorización do traballo realizado polas bibliotecas municipais de Oleiros.

Esta convocatoria tiña como obxectivo premiar o mellor proxecto que inclúe as accións de animación á lectura, a eficiencia e o labor bibliotecario, a integración social na comunidade e o uso das novas tecnoloxías, valorando a eficiencia na administración dos recursos da biblioteca e o esforzo realizado en función dos recursos dispoñíbeis, os proxectos de

extensión bibliotecaria levados a cabo, a colaboración cos centros educativos e outras entidades e en conclusión, aqueles proxectos que fomentasen a convivencia intercultural e o desenvolvemento tecnolóxico. O proxecto presentado polas bibliotecas municipais de Oleiros denominouse Lecturas refrescantes e nel presentáronse as principais actividades de fomento da lectura realizadas durante o primeiro semestre deste ano.

O Concello de Oleiros desexa compartir este premio cos veciños e coas veciñas de Oleiros e coas persoas, entidades, asociacións e centros educativos que colaboran coa rede de bibliotecas. Así mesmo, o Goberno local quere amosar o seu agradecemento a todos e a todas por facer posible que Oleiros sexa un referente a nivel estatal na promoción lectora cun servizo bibliotecario eficiente e de calidade.

A Macomunidade reúne e recoñece a débeda de varios municipios co Concello de Oleiros

◆ Tras máis de doce anos de demandas, o goberno local de Oleiros logrou que se convocase o pleno da Macomunidade de municipios, no que se recoñeceu a débeda de case 600.000 euros que cinco concellos da área metropolitana manteñen co Concello.

Esta sesión plenaria reuniuse o pasado 12 de marzo e nela acordouse que unha comisión liquidadora se encargue da resolución deste expediente sobre a débeda orixinada tras a legación no Concello de Oleiros da creación dun servizo de recollida de lixo na comarca.



O Concello de Oleiros amplía as instalacións de Servizos Sociais ▼

◆ O Concello de Oleiros ampliou as instalacións da área de Servizos Sociais do Concello de Oleiros mellorando sensiblemente estas dependencias grazas ao espazo liberado polo traslado dos departamentos de Cultura e Educación. O forte incremento da demanda dos servizos sociais, agravada pola forte situación de crise que está a atravesar o país, provocara a necesidade de novas salas e oficinas para levar a cabo a atención das distintas problemáticas que se asocian aos diversos colectivos como o da inmigración, o maltrato que sofren as mulleres, o risco de exclusión social, alimentación, atención a maiores e dependentes, etcétera.



A Fábrica nova sede dos servizos municipais do eido xuvenil, cultural, educativo e deportivo ▼

◆ Desde principios de xaneiro están situados no edificio da Fábrica en Perillo os servizos municipais de Cultura, Educación, Deportes e Xuventude. Ata finais do ano 2011 parte destes servizos prestábanse no edificio Obelisco, nas inmediacións da Casa do Concello en Oleiros. Actualmente, todos os servizos municipais relacionados co ámbito cultural, educativo e deportivo xestiónanse desde o complexo cultural da Fábrica que conta para iso con novas e modernas instalacións.





A cuberta de Casa Sara non será derrubada


◆ Un auto do Tribunal Superior de Xustiza ditamina que non se execute a orde de derrubamento que pesaba sobre a cuberta do edificio coñecido como Casa Sara, na localidade de Santa Cristina. O fallo xudicial considera que o derrubamento non cumpriría o principio de proporcionalidade, xa que ao abeiro do PXOM aprobado en 2009, a cuberta é legal e habería que «derruíla para volver a levantala». O Goberno local considera moi positiva a decisión xudicial.

O Goberno local considera que con esta decisión termina o calvario de 56 familias que levan máis de 30 anos de sufrimento. Así mesmo, García Seoane sinalou que o Concello negocia cos denunciante a forma de pagamento de 1,2 millóns de euros en concepto de compensación pola non execución do derrubamento. O rexedor sinalou que esta cantidade é menos da metade dos máis de 3 millóns de euros que suporía acometer a demolición e realoxar as familias.

O problema do edificio de Casa Sara remóntase ao ano 1977 cando a

última corporación municipal preconstitucional deu licenza para máis de 80 vivendas nunha parcela situada nas inmediacións da praia de Santa Cristina. Tras as continuas protestas dos colectivos veciñais da zona, encabezados pola Asociación de Veciños A Ría, logrouse suspender esta licenza municipal e xa no ano 1982, o alcalde nese momento Xosé Lois Martínez, asinou un convenio coas persoas propietarias do solar que posteriormente permitiu a construción de 38 vivendas e 24 apartamentos.

A construción do edificio foi denunciada en 1986 por dous propietarios de residencias próximas, quen argumentaron que a cuberta do edificio lles quitaba vistas. Un tribunal fallou a favor dos demandantes e ordenou o derrubamento parcial do tellado. Desde entón e ata agora, a orde de derrubamento percorreu distintas fases dun dilatado proceso xudicial que se culmina con este fallo da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Galicia que declara a inexecutabilidade da demolición.



Adxudicadas as obras da nova praza pública no centro de Santa Cruz

◆ Adxudicáronse as obras de ordenación dunha nova praza pública na localidade de Santa Cruz. A nova praza dedicada á exalcaldesa Esther Pita, está situada nos terreos anexos ao parque Luís Seoane e que se coñecen como Finca Alonso. A cesión do solo e as obras son exclusiva responsabilidade dos promotores propietarios do solo. Con esta nova actuación o centro urbano de Santa Cruz amplía a dotación de espazos públicos elevando a calidade urbana e gañando espazo para os veciños e as veciñas. As obras supoñen un investimento de 500.000 euros. O Concello de Oleiros espera que os traballos estean rematados antes da celebración das festas de agosto da localidade de Santa Cruz.

O Goberno do Estado sube o imposto sobre bens inmobles un 10% ▼

◆ O Goberno de España acordou unha subida do 10% do IBI (imposto sobre bens inmobles). Este gravame afecta ás propiedades inmobles das persoas e os concellos son os encargados da súa recadación. O Concello de Oleiros mantíña sen revisar este imposto desde o ano 1997, momento no que tamén gobernaba o Partido Popular quen decidiu subir este imposto un 100%. O Goberno local de Oleiros logrou entón, a través dun convenio asinado entre a Delegación de Facenda e o Concello que a subida do IBI fose progresiva. Deste modo, entre 1997 e 2007 incrementouse un 10% anual o importe do imposto ata cubrir a subida fixada polo goberno de Aznar. A partir desa data, Facenda do Estado intentou subir novamente este imposto, encontrándose coa negativa do Concello, quen declinou participar, posto que considerou que non procedía realizar ningunha revisión. Agora, por mandato directo do Goberno de España incrementase de novo o citado imposto.



O aparcadoiro de Bastiagueiro será de pago durante o período estival ▼



◆ O Concello de Oleiros cobrará por aparcarse durante o período estival na zona de Bastiagueiro, no aparcadoiro limítrofe coa pista de skate e na parcela municipal situada nas inmediacións da Finca da Silva. O sistema que se aplicará será similar ao da ORA, implantado desde hai anos noutros municipios. As tarefas fraccionadas aínda están por determinar con exactitude pero a primeira hora ou fracción custará ao redor de 0,5 euros e o estacionamento ao longo de todo o día non superará, en ningún caso, os 5 euros. Este servizo estará controlado por unha empresa que será a encargada de supervisar o seu funcionamento.

O Concello está a estudar a implantación da ORA noutras zonas conflitivas durante a tempada estival, como son Santa Cristina, a zona do parque Luís Seoane en Santa Cruz ou no fronte de Mera desde Santa Ana ata a praza Ana Kiro. Estes espazos son practicamente tomados na tempada estival por persoas que se desprazan ás praias e ocupan durante todo o día as prazas de aparcamento provocando un prexuízo ao comercio e á hostalería, así como aos veciños e ás veciñas residentes. Estas zonas serán analizadas a través do proxecto correspondente no que se estudará instaurar unha zona de aparcadoiro para residentes.

Aberto ata o próximo 30 de abril o primeiro prazo do calendario fiscal ►

◆ O Concello de Oleiros mantén aberto o primeiro período do calendario fiscal deste ano ata o próximo 30 de abril: neste prazo poderanse aboar o imposto de vehículos de tracción mecánica (IVTM), o imposto sobre os vaos, a taxa de conservación de cemiterios municipais e o imposto sobre a ocupación de solo público por mesas e cadeiras.

A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO NON É UNHA ALTERNATIVA, É UNHA OBRIGA. ÚSAO

HORARIOS: de luns a venres, de 09:30 h a 13:00 h e de 15:30 h a 19:00 h ● Sábados: de 09:00 h a 14:00 h

Oleiros combate o paro

■ O Concello de Oleiros está a pór en marcha un conxunto de iniciativas encamiñadas a combater o paro e promover o emprego a nivel local. Para iso traballou en proxectos que xa son realidade e noutros que verán a luz nun futuro inmediato, como o viveiro de empresas de Iñás ou a posta en marcha de novas urbanizacións que dinamizarán o municipio.

Urbanismo ▼



◆ O Goberno local redactará de oficio o novo planeamento urbanístico que afectará a diversas actuacións no Concello coas que se desenvolverán, a través de diversos procesos urbanizadores, novos ámbitos urbanos no municipio. Isto permitirá a adquisición de solo por parte do Concello para novos equipamentos e infraestruturas así como o desenvolvemento de novas redes viarias, e como non, a adquisición de diversas parcelas de cesión urbanística como parte do 10% de solo

edificable nos ámbitos de cada unha destas actuacións. Isto permitirá que o Concello cree novas cooperativas para vivendas protexidas dirixidas prioritariamente a veciños do municipio. Ademais, a venda de solo libre permitirá xerar unha importante cantidade de diñeiro para as arcas municipais. Estas actuacións, que xerarán unha importante bolsa de traballo nun curto prazo de tempo, son as seguintes:

- **Rúa das Viñas. En trámite de modificación puntual.**
- **Polígono 9, en Santa Cruz (Finca Alonso). En proceso de contratación da primeira fase da urbanización.**
- **Polígono 22, na zona de Agramar. En trámite o seu estudo de detalle.**
- **Urbanización nas inmediacións do centro de saúde de Oleiros. En trámite de presentación do Plan parcial.**
- **Urbanización de Xaz. En trámite de aprobación definitiva e iniciada a fase para crear a xunta de compensación.**
- **Urbanización na Ferrala. Tramitándose o plan parcial.**
- **Urbanización Alsina. Esta urbanización de promoción privada está en trámite para a súa aprobación inicial.**

Así mesmo, encóntranse en proceso de contratación do planeamento necesario para que o Concello realice a urbanización os seguintes solos:

- **Polígono limítrofe coa urbanización Hábitat no que se abrirá unha rúa que conectará coa ponte da Pasaxe.**
- **Urbanización na estrada da Besta, limítrofe con Pía de Maianca.**
- **Urbanización entre Lamalorga e Pilar do Río. Ambas as dúas necesarias para conseguir os terreos necesarios para a cesión do novo campo de fútbol de Mera.**

Novo viveiro municipal de empresas ▼



◆ Tras inaugurar as instalacións do viveiro municipal de empresas no polígono comercial de Iñás, o Concello de Oleiros saca a contratación en réxime especial de explotación as 18 naves industriais que forman parte deste novo servizo para emprendedores/as. As naves contan cunha superficie que vai desde os 202 metros cadrados ata os

404. O canon mensual da concesión oscila entre os 538 e os 1073 euros dependendo do tamaño da instalación. O prazo de expropiación terá unha vixencia de 5 anos e poderase ampliar por outros 5. A documentación administrativa, xunto co prego de condicións pode consultarse na Secretaría Xeral do Concello ou no portal web municipal.

Contratación laboral ►

◆ Entre os meses de abril e maio o Concello procederá á contratación de diversos traballadores para actividades relacionadas co período estival. Entre estes labores inclúense o mantemento de praias e distintos servizos. Un total de 30 persoas serán contratadas para traballar como socorristas nas praias do municipio. Así mesmo, estímase que entre outros 40 e 50 traballadores, depende da colaboración que a Consellería de Traballo preste ao Concello a través dos Fondos Europeos para combater o desemprego, serán contratados para realizar diversas tarefas como limpeza de praias, vías públicas e xardíns, reposición de mobiliario urbano, etcétera. A duración dos seus contratos será como máximo ata o próximo 31 de decembro. Ademais, solicitouse á Consellería de Presidencia a contratación de tres persoas para reforzar o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil e auxiliares de Policía Local.



Formación e asesoramento laboral ▼



◆ O goberno local de Oleiros solicitou á Consellería de Benestar e Traballo a concesión de varios cursos de formación que se desenvolverán no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, na Finca A Carballeira e no pazo de Arenaza. Os cursos demandados están relacionados coa atención e coidado de persoas maiores, cociña, instalacións solares-



térmicas, escaiolista, montaxe de mobles, auxiliar en xardinería e xestión de empresas. Estes sete cursos ocuparían a 105 persoas que durante meses recibirán formación específica para regresar ao mercado laboral e percibirán unha cantidade de diñeiro en concepto de dietas de desprazamento.

Un total de 16.856 persoas utilizaron as casas de préstamo durante o ano 2011

◆ Un total de 16.856 persoas utilizaron as casas de préstamo durante o ano 2011, o que supón un incremento do 25% respecto ao ano anterior. A utilización destas instalacións municipais comezou, e continúa a ser, de uso preferente para nenos, mozos e maiores, pero cada vez máis son demandadas por familias e grupos de amigos para celebracións de festas, aniversarios e outro tipo de conmemoracións. Ademais, a ampla demanda deste servizo está a facer que o Concello tamén conceda o uso dos salóns das distintas casas do pobo para dar saída ás numerosísimas solicitudes. Estas casas, polas que o Concello non cobra, préstanse coa única obrigación para os usuarios e usuarias de que as manteñan limpas e eviten a deterioración do inmovible.

Estas normas estanse a cumprir pola inmensa maioría dos veciños e veciñas, con algunha excepción, polo que o Goberno local insiste na necesidade de cumprir as obrigas para que toda a poboación teña a posibilidade de usar estas instalacións sen que o Concello teña que verse obrigado a cobrar unha taxa por este servizo gratuíto do Concello de Oleiros e que se continúe a gozar da convivencia e se contribúa ao incremento da vida social no municipio.



■ Casa da Silva



■ Casa Agramar



■ Casa Echeverry

Promove a túa empresa

O **Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo** está a actualizar os datos de empresas, comercios e profesionais que prestan os seus servizos en Oleiros. Calquera profesional que

queira aparecer ou modificar algún dos datos, debe poñerse en contacto co Centro Municipal de Formación.



As pintadas,
os estragos no mobiliario,
a degradación da paisaxe,
as agresións ambientais...

**SON RESPONSABILIDADE
DUNS POUCOS**



Os parques, as prazas,
as rúas, as praias,
o concello...

**É PATRIMONIO
DE TODOS**

Oleiros pon en marcha a Oficina Municipal de Acción Voluntaria ▼

◆ Un dos compromisos para este mandato do Goberno local é potenciar o voluntariado. O Concello de Oleiros quere facilitar e promover as condicións necesarias para facer efectiva a participación das veciñas e dos veciños de Oleiros no eido da solidariedade. Con este fin e cun dobre obxectivo nace a Oficina Municipal de Acción Voluntaria. Por unha banda, pretende relanzar a actividade do voluntariado en proxectos impulsados desde o Concello de Oleiros en distintos campos, principalmente do ámbito social, respondendo así á inxenuidade das persoas por atopar espazos de expresión da súa vontade solidaria. Por outra parte, quere promover a acción voluntaria conxuntamente coas entidades de iniciativa social, apoiando na captación e formación de persoas voluntarias, e traballando cara a fortalecer o tecido solidario no ámbito municipal.

Nas próximas semanas vaise desenvolver a primeira actividade de formación de persoas que queiran participar na acción voluntaria, todas as persoas interesadas poden dirixirse á Oficina Municipal de Acción Voluntaria sita nas dependencias de Servizos Sociais no edificio Obelisco en Oleiros, no teléfono 981 610 000 ou a través do correo electrónico voluntariado@oleiros.org.



O Goberno local destina 80.000 euros á cooperación internacional este ano

◆ O Concello de Oleiros destinará 80.000 euros á cooperación internacional ao longo deste ano. A solidariedade cos pobos máis desfavorecidos é un compromiso ineludible na política do Goberno local deste municipio. O departamento de cooperación internacional encárgase de poñer en marcha, coordinar e supervisar os distintos proxectos nos que participa o Concello. A pesar da actual situación de crise, Oleiros considera que a axuda é máis necesaria que nunca.

Ao longo deste ano, Oleiros continuará a traballar en proxectos que levan tempo en execución e cuxos resultados xa son visibles en diversas comunidades ao redor do mundo. Deste xeito, Oleiros contribuirá ao desenvolvemento de comunidades en América latina, África e Ásia.

O Concello realiza xestión para que o diñeiro da Fundación Paz y González repercuta en Iñás ▼

◆ A Fundación Paz y González foi formalizada ante notario no ano 1907. O obxecto desta fundación é xestionar os ingresos que produce a explotación dunha finca no lugar coñecido como Alquería de Torralba, en Ávila. Esta finca era propiedade de dona Vicenta Paz González, quen tras a súa morte no ano 2004 deixou recollido no seu testamento a orde de crear a dita fundación co fin de repartir os ingresos procedentes desa finca entre os veciños e veciñas en situación de pobreza das parroquias de San Xurxo de Iñás, en Oleiros e de San Xulián de Almeiras en Culleredo.

A dita fundación está formada por tres patróns, o patrón presidente é o alcalde da Coruña, ou a persoa en quen delegue, e dous máis representando a cada unha das parroquias. Tras o cambio de goberno no Concello da Coruña e, polo tanto na presidencia da Fundación Paz y González, o Concello de Oleiros, a través da Concellería de Servizos Sociais está en contacto para repartir os fondos correspondentes aos anos 2010 e 2011. Así mesmo, estase a valorar a posibilidade de desenvolver algún proxecto dirixido a colectivos ou persoas en situación ou en risco de exclusión social.

Se ti tamén te sentes comprometido lembra que hai un número de conta agardando a túa colaboración

CONTA SOLIDARIA PERMANENTE: 2080-0064-98-30400011138

- A axuda de todos conta
- E a túa máis que a de ninguén

Oleiros pon en marcha unha nova edición do Programa de excursionismo e sendeirismo para maiores ▼

◆ Oleiros está levando a cabo ao longo destes meses unha nova edición do programa de excursionismo e sendeirismo Ven e Descubre, no que a liña temática é a nosa terra e as figuras da literatura galega. As rutas percorreren nesta edición sete itinerarios distintos pola xeografía galega da man dos escritores e escritoras que neles viviron e que reflectiron en moitas das súas obras. O Concello de Oleiros quere transportar as persoas maiores nunha viaxe diferente, a unha experiencia única, seguindo as pegadas das letras. Percorrerán os lugares onde naceron, viviron e escribiron figuras da literatura galega tan importantes como Valle Inclán, Castelao, Emilia Pardo Bazán ou Xosé Neira Vilas. Precisamente Neira Vilas participou no acto de presentación deste programa o pasado mes de marzo, onde o escritor destacou a importancia do envellecemento activo para conservar a calidade de vida.

O Concello de Oleiros oferta un total de 2580 prazas dirixidas ás persoas maiores que estean empadroadas en Oleiros. Cada unha das excursións e das rutas de sendeirismo teñen un prezo público de 5 euros por cada saída, agás a ruta de sendeirismo por Oleiros. As rutas execútanse a través de dous formatos diferentes: excursións en autobús, con pequenos itinerarios guiados e rutas de sendeirismo guiado, onde se introduce o grupo dunha maneira máis directa e activa co contorno, sen esquecer a importancia que ten o compoñente físico da actividade. Os itinerarios son os seguintes:



EXCURSIONISMO ► Itinerarios en autobús con visitas en grupos de interese cultural

- **Arousa Norte, berce de literatos.** Coñece Rianxo e a Pobra do Caramiñal da man de Castelao e Valle Inclán.
- **Cantigas do mar de Cangas.** Seguindo os xogres medievais descubriremos Cangas, a Costa da Vela e a pequena ría de Aldán.

- **Viaxe ás terras encantadas de Monforte.** A través da obra de tres autores monfortinos, Manuel María, Lois Diéguez e Lois Pereiro viaxaremos ás terras de Lemos.

● *Busque o lugar onde reside e seleccione a excursión que máis lle interese:*

	Cantigas do mar de Cangas	Viaxe ás terras encantadas de Monforte	Arousa Norte, berce de literatos
1 SERANTES - DEXO - LORBÉ. Paradas de autobús: Mera, a Pista, A Pereira, O Cubo, a Escola, igrexa de Dexo, A Torre	13 MAIO	3 XUÑO	30 XUÑO
2 IÑÁS - OLEIROS. Paradas de autobús: Oleiros, As Torres, A Cova, Campamento, Arenaza, Piñeiro, Royal Palace, A Xesta	5 MAIO	16 XUÑO	14 XULLO
3 SANTA CRUZ. Paradas de autobús: O Bañil, gasolinera, Coruxo	28 ABRIL	27 MAIO	24 XUÑO
4 DORNEDA - MAIANCA. Paradas de autobús: O Bosque, Franzomel, campo de fútbol, Abeleiras, Os Galgos, Regacho, igrexa de Maianca, Lagoa, Cabreira, Breixo, Arillo, O Couto, Augarrío	6 MAIO	10 XUÑO	23 XUÑO
5 PERILLO. Paradas de autobús: Solana, Lucín, Beiramar, Che Guevara	21 ABRIL	20 MAIO	7 XULLO
6 MONTROVE - PERILLO - OS REGOS. Paradas de autobús: Os Regos, Montrove, Solana, Lucín, Che Guevara	29 ABRIL	26 MAIO	8 XULLO
7 NÓS. Paradas de autobús: Os Vilares, A Chasqueira, Sarro, Vilanova, casa do pobo, O Seixal, Alsina, Mesón da Auga, Cristo Rei	19 MAIO	17 XUÑO	15 XULLO

SENDEIRISMO ► Itinerarios. Rutas camiñando entre 10 e 12 Km

- **Os bosques escondidos de Oleiros.** Oleiros conserva espazos máxicos onde escritor e o lector poden buscar a tranquilidade e a inspiración.
- **Ruta pondaliana.** Entre as paisaxes de Ponteceso e o Dolmen de Dombate que inspiraron a Eduardo Pondal e moitos autores da Costa da Morte.

- **Terras de Miranda.** As terras recreadas por Álvaro Cunqueiro de camiño a Mondoñedo.
- **Memorias dun neno labrego.** Na cerna de Galicia entre os ríos Ulla e o Deza, seguindo os pasos de Balbino o personaxe do escritor Xosé Neira Vilas.

● *Busque o lugar onde reside e seleccione a excursión que máis lle interese:*

	Os bosques escondidos de Oleiros	Terras de Miranda	Ruta pondaliana	Memorias dun neno labrego
1 DEXO - LORBÉ - SERANTES - MAIANCA - PERILLO. Paradas de autobús: A Escola, Mera, Cabreira, Lucín, Che Guevara	8 MAIO	24 MAIO	5 XULLO	13 SETEMBRO
2 NÓS - OLEIROS - IÑÁS - MONTROVE. Paradas de autobús: O Seixal, casa do pobo, Vilanova, A Chasqueira, O Piñeiro, Arenaza, O Carballo, Oleiros, Montrove	9 MAIO	31 MAIO	21 XUÑO	6 SETEMBRO
3 DORNEDA - STA CRUZ. Paradas de autobús: Breixo, Arillo, Augarrío, Santa Cruz, Coruxo	10 MAIO	7 XUÑO	28 XUÑO	4 SETEMBRO

A Xunta retrasa novamente a contratación do proxecto de obra do colexio de Nós



◆ O Goberno autonómico retrasa novamente a contratación da redacción do proxecto de obra do futuro colexio de educación primaria que se situará en Nós. Así o sinalaron responsables da Consellería de Educación ao alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, nunha reunión mantida entre ambos organismos. Deste modo, o necesario equipamento docente acumula un retraso de máis de tres anos sen que de momento se definise o concretado nos prazos por parte da Administración galega.

A Consellería de Educación anunciara a contratación deste proxecto a través do DOG do pasado 22 de novembro. Neste anuncio marcábanse dous meses de prazo para a entrega á Consellería do documento de

execución dos traballos. A pesar de que o pasado 19 de decembro se procedeu á apertura de sobres para a adxudicación deste, a día de hoxe continúa sen adxudicarse. A redacción deste proxecto, que xa se incluía por parte da Xunta nos orzamentos xerais de 2010, e que se volveron a incluír nos de 2011, continúa sen realizarse a pesar de que o Concello realizara un forte investimento de 300.000 euros en adquirir e posteriormente ceder á Consellería os terreos para aloxar o centro. García Seoane está a informar da situación aos colectivos sociais das parroquias de Nós e Iñás. Así mesmo, está a manter reunións coas persoas responsables dos centros educativos do municipio afectados por estes novos retrasos da Xunta.

O Concello mantén reunións coa Consellería de Benestar para lograr a apertura da escola infantil da Braña o próximo setembro ▼



◆ O Concello de Oleiros está a manter reunións co persoal responsable da Consellería de Benestar para que a escola infantil da Braña, en Mera, comece a funcionar o próximo mes de setembro. Este edificio foi restaurado e adaptado como escola infantil polo Goberno local cun investimento de 240.000 euros. O centro ten capacidade para 41 alumnos e alumnas, 8 de cero a un anos, 13 de un a dous anos e 26 de dous a tres anos.

O colexio Isidro Parga Pondal cumpre 25 anos

◆ O CEIP Isidro Parga Pondal está de aniversario. O centro escolar de Santa Cruz cumpre 25 anos desde que comezou coa súa actividade docente. Ao longo destas dúas décadas e un lustro, miles de veciños e veciñas do municipio pasaron polas aulas deste colexio. Para festexar esta data tan especial creouse unha comisión formada por docentes do centro, pais e nais do alumando, exalumnos e exprofesores que se están a encargar dos detalles da organización dos actos conmemorativos. Está previsto que o próximo 16 de xuño se celebre unha festa, posiblemente nas Torres de Santa Cruz. Todos aqueles exalumnos ou exalumnas, así como todas aquelas persoas relacionadas dalgún xeito co colexio que desexen participar, poden poñerse en contacto coa organización a través do correo electrónico: el.isidro.cumple.25@gmail.com.



Oleiros está a levar a cabo un programa de prevención da obesidade e o sedentarismo na poboación xuvenil

◆ O Concello de Oleiros está a levar a cabo un novidoso programa de prevención da obesidade e o sedentarismo entre escolares, onde os técnicos municipais levan a cabo un estudo antropométrico para obter datos do índice de masa corporal (relación entre o peso e a altura) e o perímetro abdominal, parámetro recomendado pola Asociación Europea para o Estudo da Obesidade dada a extraordinaria importancia da obesidade central e a súa relación directa co risco metabólico e cardiovascular.

Os obxectivos xerais desta iniciativa son valorar os niveis de obesidade escolar e os riscos metabólicos que pode ocasionar. A finalidade do programa, en particular, é que os rapaces e rapazas coñezan estes datos e a súa relación coa saúde, polo que os datos

obtidos serán entregados a cada un deles nun sobre pechado con información e recomendacións sobre a importancia da actividade física e a nutrición para o coidado da saúde. En todo momento, garátese a privacidade de cada persoa á hora de realizar as medicións. Entregarase ao alumnado un consentimento informado que terá que ser asinado polos seus pais, nais ou titores legais.

De forma complementaria á elaboración deste estudo o persoal técnico leva a cabo sesións didácticas e interactivas sobre a actividade física, onde se definen os conceptos de actividade física, exercicio físico e deporte. Explícase a relación entre actividade física e saúde.

Comeza o Programa complementario de educación física para os centros públicos de ensino ▼



◆ O Servizo Municipal de Deportes realiza desde o mes de xaneiro, e por octavo ano consecutivo, o seu Programa complementario de educación física. Este programa está dirixido ao alumnado dos centros de ensino público do concello, e o seu obxectivo é complementar a propia materia de educación física, incluíndo unidades didácticas de actividades, que polas súas características materiais e de infraestrutura, os propios departamentos de educación física non poderían realizar de forma autónoma.

Este programa, ademais de favorecer unha formación físico-deportiva máis completa, enriquecedora e diversificada, fomenta o coñecemento de actividades e instalacións municipais que o Concello ten a disposición da comunidade escolar e dos veciños en xeral. Deste xeito, as unidades didácticas a programar inclúen actividades como a escalada deportiva no pavillón municipal de Bastiagueiro, o kaiak de mar, surf e body-board no náutico de Bastiagueiro, o remo na Fábrica. O Concello de Oleiros financia a totalidade do custo de profesorado especializado e o servizo de transporte ata as respectivas instalacións.

Os pavillóns municipais de Oleiros contan con novos equipamentos ▼

◆ O Servizo Municipal de Deportes, dentro da súa liña habitual de mellorar de forma constante as instalacións deportivas vén de realizar nos últimos meses un importante investimento en equipamentos deportivos. Entre outras melloras, dotouse de asentos de PVC para espectadores, nos chanzos do polideportivo municipal da Rabadeira, en Oleiros. Con esta medida preténdese mellorar a confortabilidade dos espectadores na instalación e mellorar a asistencia ás competicións deportivas que acolle este equipamento.



Mera acolle unha nova edición do tríatlon municipal ▼

◆ O próximo 12 de maio realizarase unha nova edición do Tríatlon Concello de Oleiros, unha das competicións con máis historia no calendario galego deste deporte. Esta proba, que ten unha complexa organización, conta cunha participación anual aproximada de 140 atletas, tanto federados como populares. O contorno natural do municipio fai que a competición conte cun grande atractivo para os amantes deste deporte.



A Liga Municipal de Fútbol sala entra na súa fase decisiva ▼

◆ A Liga Municipal de Fútbol sala está na súa recta final. A competición conta con 18 equipos. Os 180 participantes disputaron ao longo dos últimos meses máis de 200 partidos na polideportiva municipal de Canide. Para levar a cabo esta iniciativa, o Concello de Oleiros conta coa colaboración do Club Mera Fútbol Sala, que se encarga das funcións coordinativas e da arbitrase dos partidos.

A mesa redonda Previr é cousa de todos pon o punto e final ás Escolas Municipais de Pais e Nais

◆ A Concellería de Ensino e Xuventude organiza o próximo 7 de xuño ás 20.00 horas unha mesa redonda titulada Previr é cousa de todos. Con esta iniciativa, que se celebrará no auditorio da Fábricaponse o broche final á Escola de Pais e Nais que comezou no mes de xaneiro. Estarán presentes persoas relacionadas co mundo da prevención e da educación. A prevención para gozar dunha vida saudable, en todas as etapas da vida e desde todos e cada un dos factores que conforman o ser humano - físico, emocional e social -, é cousa de todos.

O persoal técnico municipal destacan a importancia destas actividades xa que a través da concienciación dos pais e das nais é máis sinxelo que estes eduquen en valores como o respecto, a solidariedade e a responsabilidade.



O Concello dá continuidade ao Programa municipal RSO cun punto informativo para escolares

◆ O programa de educación sexual, RSO, do Centro de Información Xuvenil comezou no mes de novembro, coa realización de obradoiros para o alumnado de 3º da ESO e con motivo da celebración do día internacional da SIDA e baixo o lema «que non te pillen desmontado», celebráronse charlas informativas para o alumnado de 4º da ESO. Para dar continuidade aos obradoiros formativos, instálanse stands en cada centro, co obxecto de que toda aquela persoa poida resolver as súas dúbidas. Os puntos de asesoramento permanecerán instalados ao longo dos próximos meses de abril e maio.



Condúctete con senso, un pilar fundamental da educación viaria en Oleiros

◆ O Concello de Oleiros leva a cabo un interesante programa, baixo o nome Condúctete con Senso, de educación viaria nos CEIP e IES de Oleiros, unha actividade fundamental na educación en valores dos nosos rapaces e rapazas. Este ano como novidade, o alumnado de 6º de infantil e 2º e 6º de primaria van ter a posibilidade de participar o último día dos obradoiros no parque móbil que se instala no pavillón de cada centro educativo. O último colexio en tomar parte neste programa será o CEIP Parga Pondal no mes de maio.

Fabrimusic

◆ Se che gusta a música, se formas parte dun grupo este é o teu programa. Tráenos a túa proposta musical ao CIX, así obterás o noso apoio e contaremos con vós para a celebración de concertos. Non importa o estilo musical, nin o número de compoñentes, se es solista tamén tes sitio neste programa. Inscríbete no censo municipal de grupos noveis de Oleiros. Danos o teu talento e nós dámosche o noso apoio.



DESMÁRCATE, o programa de radio ▼



Todos os xoves de 13:00 a 13:30 h en Radio Oleiros, programa informativo, de entrevistas e de asesoramento no tema da educación para a saúde e a prevención.

**101.5
FM**

Oleiros estrea o Roteiro cultural e literario

◆ O Concello de Oleiros estrea unha nova actividade cultural organizada polo Servizo de Normalización Lingüística e a Rede de Bibliotecas Municipais xunto cos docentes do IES Miraflores. Esta divertida iniciativa consistirá no percorrido por distintos lugares do municipio nos que viviron diferentes mulleres ilustres, como unha homenaxe a todas elas.


A visita comezará no Castelo de Santa Cruz coa condessa e escritora Emilia Pardo Bazán, posteriormente as persoas participantes trasladaranse a Mera á residencia de veraneo da xornalista Sofía Casanova, despois irán a Montrove ao pazo onde pasou parte da súa infancia a actriz María Casares, para rematar en Nós no pazo da escritora Juana de Vega. Os obxectivos da iniciativa, ademais de promover a lectura, son dar a coñecer diferentes mulleres ilustres que viviron no municipio e mellorar o coñecemento de diferentes espazos de Oleiros.

Esta actividade contará ademais cun apoio en forma de guía impresa con toda a información necesaria para coñecer a fondo estas importantes mulleres. A publicación está a ser elaborada polo alumnado e o profesorado do IES Miraflores de primeiro de bacharelato. Debido a que serán prazas limitadas, as persoas que desexen participar deben inscribirse na Biblioteca Central Rialeda.



Tucho Calvo falará sobre Valentín Paz Andrade polo Día das Letras Galegas

◆ A Rede de Bibliotecas Municipais, dentro do programa de actividades para conmemorar o Día das Letras Galegas, organiza unha conferencia para escolares onde poderán coñecer máis a fondo o escritor Valentín Paz Andrade. O simposio correrá a cargo do xornalista Tucho Calvo. A sesión celebrarase o próximo 4 de maio ás 12.30 horas, no teatro As Torres de Santa Cruz.



100% Cunqueiro

◆ O alumnado do IES Miraflores de Oleiros e do IES Neira Vilas de Perillo poderán gozar de varias interesantes sesións de contacontos que baixo o título de Cen anos de maxia, afondarán na obra Merlín e familia de Álvaro Cunqueiro. A actividade desenvolverase os próximos días 12, 17 e 18 de abril na Biblioteca Central Rialeda e no Teatro As Torres de Santa Cruz. A encargada da posta en escena desta adaptación da obra de Cunqueiro será a actriz Soledad Felloza.

Continúan os obradoiros de ilustración e banda deseñada

◆ O Concello de Oleiros continúa cos obradoiros de ilustración e banda deseñada. Con esta actividade preténdese dar a coñecer diferentes ilustradoras e ilustradores galegos. A través destas sesións os mozos e mozas poden coñecer os distintos tipos de ilustracións e aprender os aspectos básicos do cómic. Os obxectivos que se pretenden conseguir son aprender diferentes técnicas de ilustración e banda deseñada, fomentar a creatividade e a imaxinación, promover a lectura de obras de banda deseñada e aprender a valorar as diferentes ilustracións que aparecen nos libros.

A campaña de promoción da lectura nas bibliotecas públicas municipais achega os veciños á lectura ▼

◆ Ao longo desta primavera Oleiros levara a cabo a campaña de promoción á lectura co fin de que o alumnado dos centros de ensino público deste concello adquiran gusto pola lectura. Os principais obxectivos que se pretenden conseguir son que o alumnado dos centros de ensino público deste concello coñezan as bibliotecas. E deste modo fomentar a súa asistencia, non só como lugar de estudo e consulta, senón tamén como centros de lectura lúdica, espertar o gusto pola lectura, de forma que vexan os libros como algo ameno, cos que poden pasar bos momentos ao mesmo tempo que se instrúen e amplían os seus coñecementos.



En función das necesidades e da programación de cada centro realizaranse actividades específicas que inclúen desde xornadas de presentación da biblioteca e explicación do seu funcionamento a contacontos, pasando por outras actividades como narración ou dramatización de contos.

Os encontros con escritores, unha forma divertida de coñecer ▼

◆ O Concello de Oleiros, a través da súa Rede de Bibliotecas Municipais, organiza encontros literarios con escritoras e escritores, para dar a coñecer e promover distintos autores e as súas obras. Dependendo do tipo de autor e do público das súas obras realizaranse encontros para distintos grupos de idades na Biblioteca Central Rialeda, en Perillo, e na Biblioteca Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz, sito nas Torres.

O obxectivo desta iniciativa é poñer en contacto ao lectorado co autor ou autora dun xeito ameno e creativo ao mesmo tempo que se descobre a forma de escribir dos distintos profesionais. Así mesmo, preténdese dar a coñecer autores e autoras e animar á lectura das súas obras. O próximo 10 de abril, ás 16.35 h, haberá un encontro literario co escritor Xavier López Rodríguez para comentar a súa obra *Cor gris vida* con alumnado de 3º de ESO do IES Miraflores de Oleiros.



Verbum Fahrenheit, unha interesante proposta teatral



◆ O Servizo de Normalización Lingüística, como todos os anos, organiza unha obra de teatro para celebrar o Día das Letras Galegas. A obra da Compañía Limiar Teatro e Verbum - Casa das Palabras está inspirada na novela de Ray Bradbury. A historia trata sobre dous presos que comparten un mesmo delito: ler nunha sociedade onde a lectura está prohibida e os libros son queimados por bombeiros incendiarios. Esta obra está construída en base a textos canónicos da literatura galegoportuguesa de grandes autores como Camões, Pessoa, Blanco Amor, Manuel Antonio, Celso Emilio Ferreiro, Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro. Representaranse dúas sesións no auditorio Gabriel García Márquez de Mera, unha o día 11 de maio pola mañá, para o alumnado dos institutos e outra o sábado 12 de maio ás 20.30 horas. As entradas do sábado poñeranse á venda unha hora antes e o seu prezo será de 2,5 euros.

Oleiros promove a lingua con teatro para escolares ▼



◆ O Servizo de Normalización Lingüística organiza dúas obras de teatro para os centros de primaria do concello, *E se o cantamos?* e *Un avó especial*. O primeiro é un espectáculo dinámico, que mestura cancións con teatro. Esta obra está orientada para 2.º, 3.º e 4.º de primaria e trata diferentes temas como a situación do galego e do castelán; os xogos colectivos e tradicionais fronte aos videoxogos; a violencia e a publicidade na televisión etc. Así mesmo, para 5.º e 6.º de primaria, representárase *Un avó especial*. Unha obra de Migallas Teatro que trata o tema da enfermidade do Alzheimer desde un punto de vista optimista, trata en clave de comedia cuestións universais como a

importancia da relación entre os avós e os netos; os diferentes modos de educar os rapaces e as rapazas; a importancia de transmitir a lingua e a cultura propias; o valor da literatura infantil de tradición oral, etc.

Ademais...

◆ A programación das Letras Galegas completárase tamén nos IES cunha exposición da historia da lingua que se compón de 14 paneis de 100 x 200 con contidos textuais e fotográficos e con material audiovisual, dous monitores que proxectarán dúas curtametraxes de 15 minutos con entrevistas a personalidades da cultura galega e do exilio e entrevistas a especialistas sobre sociolingüística.

TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recordamos que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

Deslealdade institucional

Veño de sentir vergonza allea con ocasión da inauguración do primeiro tramo da vía Ártabra. Non só porque a organización (Xunta de Galicia) ignorou a presenza do alcalde de Oleiros, concello anfitrión por cuxo chan discorre enteira- mente o trazado desde Lorbé cara aos Galgos. Non só porque García Seoane non foi citado en primeira instancia na presentación de autoridades, nin tampouco á hora de concitar inter- vencións. Senón e sobre todo porque, paradoxalmente, si falou o alcalde de Sada.

Facendo memoria, Ramón Ares condicionara no seu día a aceptación da infraestrutura a un cambio no trazado para que en Soñeiro as propiedades afectadas estivesen dentro do territorio oleirense. E iso despois de reiteradas negativas á abordaxe da vía Ártabra baixo o pretexto de que era unha obra que ao beneficiar os intereses oleiren- ses prexudicaba os de Sada. En Cambre aínda están a discutir sobre o trazado... ¿? Todo concorda con esa mentalidade mesquiña que ten prolongado o atraso secular de Galiza e que hoxe non ten cabida nunha sociedade que ten de saír desta crise xuntando forzas e recursos e non dividindo.

A deslealdade e a falta de respecto institucional na inauguración do tramo Lorbé-Os Galgos ten aínda máis gravi- dade tendo en conta que a vía Ártabra é hoxe unha realidade grazas á iniciativa reivindicativa ao longo de vinte anos do pobo de Oleiros e do goberno da Alternativa, que mantivo un fío comu- nicativo inconmensurable cos veciños afectados polas expropiacións, como sempre se lle pide, unilateralmente, á Administración máis próxima física- mente á cidadanía por máis que a obra sexa responsabilidade da autonomía ou do Estado.

Pero detrás desta actitude *chulesca* da Xunta de Galicia, prepotente e mes- quiña, non subxace senón a sempiterna confusión de concepto respecto do erario público. A vía Ártabra é feita co diñeiro dos contribuíntes, e os políticos cando presentan as obras tenden a instrumentalas como ferramentas elec-

torais desde unha óptica de partido, condicionando a dimensión sinérxica entre Administración supramunicipal e alcaldías á coincidencia de siglas, nunha demostración patética de falta de ética, de visión de país e de incapa- cidade para interiorizar os valores de servizo público que deben definir a toda a clase política antepoñendo os intere- ses dos cidadáns aos propios.

SCQ (Mera)

Desde Dexo

Cando gobernaba Aznar querían facer urbanizacións no Seixo Branco e agora que volve a gobernar o PP ao parecer tamén queren facer plantas de acuicul- tura no Monumento Natural da nosa costa de Serantes e Dexo.

Non quero nin imaxinar o impacto que suporía, a construción da infraestrutura, para o desenvolvemento da dita activi- dade neste "Espazo Natural Protexido".

Estamos seguros de que o goberno da Alternativa non permitirá semellante despropósito, se a Xunta quere autori- zar esas empresas ten unha zona apro- piada para iso que é o porto de Lorbé, un espazo que desde hai décadas é o motor industrial da nosa localidade.

Igor Pérez (Lorbé)

A.VV. Santaia

Na avda. Ernesto Che Guevara, avda. Concepción Arenal e na rúa Viñas da Babilonia (AC-173), existen varios pa- sos de peóns coa finalidade de facilitar á poboación que reside en Santa Cruz e a todas aquelas que nos visitan o cruce desta vía cunha da máis alta densidade de vehículos da comarca e onde existen varios puntos de concen- tración de persoas a diferentes horas do día, como centros de ensino público, comercio local etc.

Ben é certo que, a pesar desta sinaliza- ción, que se foi conseguindo ao longo dos anos, seguen a acontecer acciden- tes, moitos deles con resultados non desexados por ninguén e dos que dalgún xeito todos temos coñecemento.

Somos conscientes que no outono- inverno son moitas as horas do día nas

que hai pouca luz e chove moito, o que dificulta a visibilidade destes pasos, que están sinalados horizontalmente con pintura branca.

Por iso e, tendo en conta a importancia que para toda administración pública debe ter a seguridade viaria, desde a Asociación de Veciños Santaia de Santa Cruz, solicitamos do noso Concello que demande da Consellería de Medio Am- biente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, administración titular da AC-173 que desenvolva e execute un plan de sinalización vertical e lumi- nosa que posibilite unha correcta vi- sualización dos pasos de peóns situa- dos na citada vía coa finalidade de evitar riscos innecesarios para a poboación.

¡¡Xunta, para cando as beirarrúas do centro de Dorneda e o andén de Lourido a Breixo!!!

Un veciño de Dorneda

O aparcadoiro de Bastiagueiro

Os oleirenses cos nosos impostos mu- nicipais estamos a soportar unha prestación de servizos paradigma de calidade dentro da grande área metro- politana. Ese é un dos motivos polo que a nosa poboación flotante se mul- tiplica especialmente durante o verán e tamén as fins de semana do resto do ano. Alimentamos pois unha capacida- de estrutural para o lecer e para o con- sumo nas estancias conxunturais de moita máis envergadura da que preci- sariamos os habitantes empadroados. Como non existen os milagres en ma- teria económica coidamos que a medi- da de cobrar por deixar o coche nos aparcadoiros a pé de praia é un instru- mento xusto que xa viña sendo deman- dado por moitos veciños para non sentirnos o parvo da película cando volvemos da Coruña e deixamos alí en dúas ou tres horas o mesmo diñeiro que vai custar aparcar toda unha xor- nada en Bastiagueiro. E o que non o entenda é porque ou ben malinterpreta o principio de solidariedade ou ben chega ao noso territorio co costume adquirido de pensar que esta é unha eira de balde para a súa mentalidade capitalina.

L. e S.C.F. (Maianca)

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	6 abril / 6 maio / 4 xuño
Mingua	13 abril / 12 maio / 11 xuño
Nova	21 abril / 21 maio / 19 xuño
Medra	29 abril / 28 maio / 27 xuño

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro **981 187 200**
- Estación autobuses A Coruña **981 184 335**
- Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 22:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



34.510 habitantes empadroados/as!

Ata o 27 de marzo, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:

DEXO (Santa María)	1.382
DORNEDA (San Martiño)	3.409
IÑÁS (San Xurxo)	1.243
LIÁNS (Santa Eulalia)	9.961
MAIANCA (San Cosme)	1.248
NÓS (San Pedro)	4.645
OLEIROS (Santa María)	2.945
PERILLO (Santa Leocadia)	8.112
SERANTES (San Xulián)	1.565
TOTAL	34.510

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> ■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932 	Do 6 ao 12 de abril Do 15 ao 21 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> ■ ALEJANDRO SÁNCHEZ BARREIRO Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165 	Do 13 ao 19 de abril Do 22 ao 28 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> ■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027 	Do 20 ao 26 de abril Do 29 de maio ao 7 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> ■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937 	Do 27 de abril ao 3 de maio
<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª TERESA MIGUÉLEZ FREIRE Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 635 024 	Do 4 ao 10 de maio
<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890 	Do 11 ao 17 de maio
<ul style="list-style-type: none"> ■ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503 	Do 18 ao 24 de maio
<ul style="list-style-type: none"> ■ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440 	Do 25 ao 31 de maio
<ul style="list-style-type: none"> ■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184 	Do 1 ao 7 de xuño
<ul style="list-style-type: none"> ■ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845 	Do 8 ao 14 de xuño

Naval xa é municipal



◆ O Concello de Oleiros deu un importante paso adquirindo a totalidade do solo necesario para mellorar o contorno da praia de Naval a través de convenios e de procesos de expropiación. O Goberno local logrou os terreos necesarios para que o Ministerio de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Costas do Estado, acondicione o contorno deste areal.

Desde o ano 1991 foron varios os proxectos que o Concello realizou para facer posible esta recuperación e mellora de Naval. As distintas directrices impostas polos responsables de Costas

que tiveron os gobernos de Felipe González, José María Aznar e Rodríguez Zapatero obrigaron a facer numerosos cambios, o que provocou continuos retrasos e un alto custo económico para as arcas municipais.

O último compromiso adquirido pola Dirección Xeral de Costas foi que o Ministerio realizará definitivamente as obras. O goberno local de Oleiros espera que despois do importante esforzo económico e de recursos, de unha vez por todas se leve a cabo esta recuperación de forma urxente.